



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Departamento Territorial – A Coruña
Servizo Territorial de Inspección Educativa

Edificio Administrativo de Monelos
Praza de Luís Seoane, s/n
15071 A Coruña
Tel.: 981 184731
Fax: 981 184792
e-mail: inspeccion.coruna@edu.xunta.es

Asunto: Comunicación sobre folga 21 de xaneiro de 2010	Destinatario: Sr./a. Director/a do
Referencia:	
Data: 20 de xaneiro de 2010	

En relación coa folga convocada para o día 21 de xaneiro de 2010, debo recordarlle que continúa sendo de aplicación a Orde de Servizo da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 21 de xaneiro de 2008 sobre o trámite de audiencia nos casos de ausencia ao traballo por motivo do exercicio do dereito de folga.

Tamén se puntualiza que os servizos mínimos do persoal docente aparecen contemplados na Orde do 13 de xaneiro de 2010 (DOG do 19-01-2010), pola que se ditan normas que determinan os servizos mínimos do persoal docente dependete da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, durante a folga convocada para o día 21 de xaneiro de 2010.

Achégolle copia da Orde de Servizo da Secretaría Xeral á que se fai mención no parágrafo primeiro.

A xefa territorial



Asdo.: M^a Teresa Villaverde Pais

TRÁMITE DE AUDIENCIA

Orde de servizo da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 21 de xaneiro de 2008, sobre o trámite de audiencia nos casos de ausencia ao traballo por motivo do exercicio do dereito de folga

Nos casos de ausencia ao traballo por motivo do exercicio do dereito de folga, os centros educativos veñen comunicando esta incidencia á Xefatura do Departamento Territorial de Educación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta efectúa o trámite de audiencia previo á dedución de retribucións prevista no artigo 30.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 77 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.

Parece prudente simplificar este trámite establecendo que sexan as propias direccións dos centros educativos as que efectúen o trámite de audiencia e remitan á Xefatura do Departamento Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a comunicación do profesorado que estivo en folga acompañada das alegacións da interesada ou interesado ou, se é o caso, coa inexistencia de alegacións.

En consecuencia, esta SECRETARIA XERAL resolve dictar a seguinte orde de servizo:

Primeiro.- No prazo dos cinco días seguintes ao exercicio do dereito de folga polas funcionarias e funcionarios docentes, as direccións dos centros docentes efectuarán o trámite de audiencia aos interesados co documento que se achega como anexo I. Se a folga fose un determinado número de horas ao día en lugar do día completo, utilizarase o anexo II.

Segundo.- Transcorrido o prazo de alegacións dos interesados, as direccións dos centros docentes remitirán á Xefatura do Departamento Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a información do día ou días nos que a profesora ou profesor estivo en folga, xunto co documento anexo I e as alegacións formuladas pola interesada ou interesado, ou, se é o caso, documento anexo III no que se certifica que non se formularon alegacións.

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2008

O SECRETARIO XERAL
Benito Fernández Rodríguez

ANEXO I

Comunicolle que, de conformidade co previsto no artigo 30.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 77 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, debido á ausencia no seu posto de traballo o/os día/s da folga abaixo indicados, no caso de non xustificar a devandita ausencia nun prazo de dez días a partires da súa recepción, a Xefatura do Departamento Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria procederá a descontarlle nas súas retribucións a parte correspondente ao/aos devandito/s día/s.

Día/s:

.....dode.....

A DIRECCIÓN

Asdo:

Recibín:

Data:

Asdo:

Sr/Sra. Don/a

ANEXO II

Comunicolle que, de conformidade co previsto no artigo 30.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 77 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, debido á ausencia no seu posto de traballo durantehoras do/os día/s da folga abaixo indicados, no caso de non xustificar a devandita ausencia nun prazo de dez días a partires da súa recepción, a Xefatura do Departamento Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria procederá a descontarlle nas súas retribucións a parte correspondente ao/aos devandito/s día/s.

Día/s:

.....dode.....

A DIRECCIÓN

Asdo:

Recibín:

Data:

Asdo:

Sr/Sra. Don/a

ANEXO III

Comunicolle que a/o funcionaria/o docente dona/don..., con DNI... non fixo, dentro do prazo establecido, ningunha alegación á ausencia ao seu posto de traballo que lle foi notificada polo exercicio do dereito de folga o/os día/s.....do mes de.....do ano.....,

.....dede

A DIRECCIÓN DO CENTRO

Asdo:

SRA. XEFA DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA PROVINCIA DE